



O CHUVI RECIBE CATRO ACREDITACIÓNS NACIONAIS DE EXCELENCIA ASISTENCIAL EN PROCEDEMENTOS DE CARDIOLOXÍA

- ***O complexo vigués é o hospital que recibe un maior número de selos de calidade da Sociedade Española de Cardiología, en recoñecemento ao cumprimento dos estándares de calidade***
- ***Os procedementos acreditados son a cardiopatía isquémica estable; a ablación da fibrilación auricular; a rehabilitación cardíaca e o intervencionismo percutáneo na insuficiencia mitral***

Vigo, 5 marzo de 2020. A *Sociedad Española de Cardiología* (SEC) ven de cualificar de “excelente” a calidade asistencial de catro procesos e procedementos realizados polo servizo de CardioloXía do CHUVI. Así, dos 28 hospitais españois recoñecidos, o Álvaro Cunqueiro foi o que recibiu o maior número de acreditacións de calidade.

Os catro selos de calidade foron outorgados en recoñecemento ao cumprimento dos estándares de calidade dos seguintes procedementos: *cardiopatía isquémica estable; a ablación da fibrilación auricular; a rehabilitación cardíaca e o intervencionismo percutáneo na insuficiencia mitral.*

O xefe do servizo de CardioloXía da Área Sanitaria de Vigo, Andrés Íñiguez, recolleu en Madrid o certificado das acreditacións e dixo que “estamos moi satisfeitos, xa que estes recoñecementos supoñen unha validación ao traballo do equipo, aportan motivación e, sobre todo, moita seguridade para os profesionais e pacientes”-



Programa de calidade

Estes procedementos enmárcanse dentro do proxecto SEC-EXCELENTE, co obxectivo de contribuír á mellora continua da calidade asistencial tanto no ámbito dos servizos clínicos como na ordenación e xestión dos recursos.

Este proxecto forma parte dun programa máis amplo de calidade, que ten por finalidade reducir a morbimortalidade das enfermidades cardiovasculares, a través de protocolizar as actuacións nos principais procesos e procedementos cardiovasculares para reducir a variabilidade clínica; de mellorar a asistencia directa a pacientes con morte súbita; de proporcionar criterios para avanzar na xestión de activos tecnolóxicos de imaxe cardiovascular; e de progresar na continuidade asistencial entre a asistencia hospitalaria e a Atención Primaria.





“O obxectivo último deste programa de acreditacións de excelencia é mellorar a calidade de vida dos pacientes con enfermidade cardiovascular”, conclúe o doutor Íñiguez.

Proceso de acreditación

O proceso de acreditación destes procedementos consta de varias fases: revisión da documentación solicitada, auditoría e informe final coa conseguinte emisión do certificado de acreditación de excelencia.

Tras a revisión de toda a documentación aportada, elabórase un informe de auditoría, cunha descrición dos achados e opcións de mellora si se precisa, así como unha proposta de acreditación (ou rechazo) da acreditación, que se eleva ao Comité Científico de SEC-EXCELENTE, que realizará a valoración final.

